



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 4 DE FEBREIRO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día catro de febreiro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén, como secretaria por delegación, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2013

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, acorda deixar o borrador da acta da sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2013 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia

- Circular informativa nº 2013/01, do Servizo de Asistencia Económica a Municipios da excma. Deputación provincial da Coruña, de medidas en relación cos traballadores das empresas de servizos contratadas pola Administración e instrucións sobre boas prácticas para a xestión das contratacións de servizos e encomendas de xestión a fin de evitar incorrer en supostos de cesión ilegal de traballadores.

- Resolución do 16 de xaneiro de 2013, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, da Consellería de Economía e Industria, pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encaminadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-

2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012 (IN519B), entre as que figura o Concello de Cambre, cunha subvención concedida para "saneamento nas rúas Isaac Peral e Zeppeling do polígono do Espírito Santo en Cambre", cunha contía de 118.336,22 euros. (Diario Oficial de Galicia número 20, de data do día 29 de xaneiro de 2013).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que con data do día 1 de febreiro do ano que andamos ditou unha resolución na que non autoriza ao funcionario don José Agustín Barca Cotelo a prórroga na comisión de servizos do posto da xefatura servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, debido ao momento no que actualmente se encontra a tramitación do Plan xeral de ordenación municipal, que fai aconsellable a permanencia continuada no posto de traballo municipal do que é titular.

A continuación, tamén informa que o pasado sábado día 2 rematou o prazo para a presentación de ofertas no procedemento aberto cun único criterio de valoración factor prezo da obra de construción de nova instalación para o Servizo de Protección Civil. Engade que se presentaron 68 empresas.

Para rematar a súa intervención, don Felipe Andreu Barallobre informa respecto do expediente de "revisión e mantemento de extinción e bocas de incendios equipadas para edificios, instalacións e vehículos do concello" e manifesta que hai unha parte que xa venceu e outra aínda non, polo que é mellor que por un ano se faga como contrato menor, e cando remate se licite de novo.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que dende o departamento de Xuventude se está a preparar dentro do programa "este finde teño plan" as actividades de curso de montañismo invernal e a viaxe á neve.

A continuación, informa que dende Deportes ditou unha providencia na que se solicita ao departamento de Obras e Servizos que avalien a situación dos pavillóns municipais despois dos temporais destes últimos días.

Tamén informa que o vindeiro día 15 de febreiro terá lugar unha xornada de tecnificación por conta dun seleccionador nacional de tiro con arco no centro socio cultural da Barcala.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Finalmente, don Fernando Caride Suárez informa que a Federación Galega de Ciclismo entregará un premio o día 18 como colaboradores ao ciclismo en Galicia, acto que terá lugar no auditorio do Concello de Valga, como desenvolvemento e fomento do ciclismo na Comunidade Autónoma.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que os cursos de formación municipal serán os que sinalou a pasada semana e manifesta que esta semana xa se enviarán os trípticos a todos os domicilios.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que volveron a entrar nas Casas Bailly e que se debe estudar a posibilidade de pechallas doutro xeito.

Tamén informa que comezaron as súas prácticas dúas estudantes de arquitectura técnica, polo prazo de cinco meses, e di que xa ten un par de proxectos pensados para elas.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que se reparou a fonte da praza Enrique Piñeiro e espera que sexa do agrado dos veciños.

A continuación, informa que se restableceu a iluminación no local social de Andeiro e entre hoxe e mañá quedará restablecida a iluminación na praza de San Marcos, en Anceis.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que na rúa Profesor Monasterio, no Temple, a petición dos veciños, e co fin de encauzar e recoller a escorrentía superficial das augas pluviais, estase a colocar unha reixa lonxitudinal ao longo da fachada do edificio.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa respecto dos vindeiros actos con motivo do entroido e así terán lugar o día 11, ás 17.00 horas, a festa infantil no polideportivo do Temple; o martes, día 12, a festa infantil no polideportivo Sofía Toro, de Cambre, e o sábado, día 16, a festa do entroido pequeno en Cambre.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

3

Dona María Jesús González Roel informa que no colexio do Graxal xa se está a aparcar no espazo que se acondicionou na parte posterior para tal fin. Engade que na sesión do último Consello Escolar lles solicitou que lle presenten algunha proposta para a parte dianteira.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa respecto da posible instalación do “parking Express” no Temple.

Sinala que, logo de falar coa policía local acerca do funcionamento deste sistema, en principio, non lle ve ningún problema, e pregunta aos asistentes se están de acordo coa medida, ao que todos mostran a súa conformidade, se ben coinciden en afirmar que haberá que estudar máis pormenorizadamente cómo poñer en marcha o sistema.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria



Manuel Rivas Caridad



Verónica María Otero López